

OUTROS DOCE CONTRATOS, PERO...

Novamente queremoslles dar a benvinda a outros doce compañeiros e compañeiras que se incorporaron hai uns días a este Territorial Banco Ferreiro con contratos indefinidos.

Estamos seguros de que este é o camiño correcto para impulsar a actividade e comezar a saír do buraco en que uns poucos desvergonzados nos meteron a todos.

Con todo, igual que o levamos facendo en privado desde hai moito tempo, queremos chamar publicamente a atención da Dirección sobre unha circunstancia moi importante.

Tanto os vinte e catro compañeiros que se incorporaron ultimamente como os que se incorporaron en 2010, teñen como misión exclusiva a creación duns equipos comerciais na rede de oficinas da Territorial de Banco Ferreiro. Parécenos unha opción necesaria e con proxección de futuro pero, asemade, insuficiente.

Está a xerarse unha deficiencia cada vez máis evidente do persoal administrativo das oficinas, e con iso un desequilibrio entre os ámbitos comercial e administrativo, sendo ambos igualmente necesarios e importantes.

Sen o devandito equilibrio entre os dous aspectos, non se aproveitan todas as posibilidades e, máis importante aínda, xérase unha presión inaceptable, que incide sobre a saúde dos traballadores e as traballadoras.

Nestes momentos, aínda previos á principal época de vacacións, hai oficinas, mesmo

algunhas das máis importantes, que están pasando grandes dificultades para non perder o control administrativo das operacións, e iso vén motivado pola carencia de persoal dun determinado perfil.

Moitos compañeiros/as están a realizar un esforzo ímprobo para manter nun nivel aceptable o servizo aos clientes e, tanto ou máis importante polas consecuencias que pode ter, cumprir cunha normativa abafadora. Algúns xa están afectados por problemas de saúde. **Non é unha situación sustentable nin aceptable.**

Desde a Sección Sindical de COMFIA-CCOO, facéndonos eco dun sentimento unánime en todos os niveis da rede, **pedimos un reforzo inmediato dos recursos administrativos das oficinas e, a máis longo prazo, unha revisión a fondo da carga administrativa que soporta a rede.**

Para a nosa idea, a solución sería incluír un plan de creación dun equipo de Responsables Administrativos, coa formación e a motivación suficientes para manter o equilibrio cun potente equipo comercial que, con bo criterio de futuro, está a forxarse nesta Territorial.

Con iso, gañaríamos en eficacia, melloraríamos o servizo aos clientes e, sobre todo, traballariamos mellor, en mellores condicións e sen ter que arriscar a nosa saúde.

Alguén cre que isto é unha desvantaxe para a empresa?

CUESTIÓN ABSURDA: Predicando no deserto

O pasado xoves 19 tivo lugar en Xixón unha reunión de seguros; a ela desprazáronse ao redor de 200 persoas, desde todos os puntos da Territorial, que nalgún caso anda preto dos 275 quilómetros e outros tantos de volta. A reunión,

que non pretendía dar a coñecer estratexias novas, nin cambios no organigrama, nin novos produtos agresivos, durou pouco máis dunha hora. Sería sensato convocala a través de videoconferencia, no canto de ter o persoal

metido nas estradas? E que dicir do aforro de custos?

Se a esta engadimos a reunión mensual de Zona, a semanal do luns, as decenas de talleres de produtos, as explicacións do Plan Lidera, a que se lle ocorre a cada director de Zona, o despacho mensual, o curso de Técnicas e Habilidades Comerciais, o curso de Atención Telefónica e as decenas de cursos de formación en liña, cando descansamos?, como acudiremos ao día seguinte a traballar?, que pensarán da nosa segunda casa

os nosos pais, os nosos fillos, o noso marido ou a nosa muller?

Hai que facer un chamamento ao acougo, a unha redistribución do tempo de traballo, a un eficiente uso das novas tecnoloxías para mellorar a calidade de vida de todos os que puxamos deste carro.

Oviedo, Xuño de 2011

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 3532-0002

Data.....

Nome e apelidos

DNI correo electrónico

Dirección

Poboación

Código postal

Domiciliación bancaria:

Entidade _____ Oficina _____ DC _____ Conta _____

Sinatura:

PROTECCIÓN DE DATOS:

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. Á finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@ccoo.es ou chamar por teléfono ao 917028077.